

COMUNICADO Nº 084/23

09 DE MAIO DE 2023

**EXCLUSIÓN ÁLVARO CASTRO LAÍÑO E ISIDRO REY FERREIRO DO
VOLANTE FGA NO RALLYE DE NOIA**

O equipo composto por Álvaro Castro Laiño e Isidro Rey Ferreiro foi excluído do Volante FGA – PXP 23 no Rallye Berberecho de Noia logo de detectarse unha irregularidade na centralita do seu Citroën Saxo VTS, que foi analizada despois da segunda cita puntuable para o Campionato Galego de Rallyes.

Tras escoitar as alegacións do piloto, os Comisarios Deportivos da proba comunicaron a exclusión a Castro Laiño e a Rey Ferreiro da clasificación do Volante FGA – PXP 23 (2º do Volante e 1º do PXP23) no Rallye Berberecho de Noia e polo tanto os seus puntos e premios pasarán aos seguintes clasificados da proba.

As outras dúas centralitas dos equipos participantes no Volante FGA que foron analizadas tras o Rallye de Noia pasaron a verificación sen anomalías.